



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA-URXENTE, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E NOVE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA DEZ DE MARZO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e cinco minutos do día dez de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria-urxente correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3500.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- De conformidade co disposto no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a ratificación da urxencia da convocatoria, a que queda aprobada por 9 votos a favor (7 BNG E 2 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención.

3501.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2011.- Polo Sr. Secretario dáse conta do expediente tramitado co motivo da aprobación inicial do orzamento xeral correspondente ao exercicio 2011 que contén os documentos e anexos relacionados nos artigos 165 e ss do Real decreto 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.

Con data 7 de marzo de 2011 sométese o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas a que informou favorablemente a aprobación inicial do correspondente expediente.

Comeza a quenda de deliberacións o Sr. Barreiro Lubián manifestando que se trata dun presuposto inferior nun 10% ao aprobado para o exercicio 2010 e que ascende a un total de 9,9 millóns de euros, a gran diferenza que existe e que non podemos pedir préstamos e os ingresos redúcense por 3º ano consecutivo.

Tamén un capítulo importante que se reduce é o referente a persoal que se amortizan 8 prazas, que non están ocupadas.

O capítulo II redúcese igualmente nun 20% de partidas non comprometidas (derivado de contratacións).

O capítulo IV redúcese nun 25% e está relacionado coas subvencións e premios en certames musicais organizados polo concello.

Con relación aos ingresos no capítulo II, impostos (ICIO) usando un criterio de prudencia, xa que no ano 2010 tivemos que devolver ingresos importantes por non comezarse as obras diminúe nun 62%.

As transferencias correntes sobe un 5.2% motivado porque aumentan os ingresos do estado.

A Sra. Besada Lores di que o Grupo Municipal do PSOE vai votar a favor dos orzamentos.

O Sr. Domínguez Lino di que estamos antes uns presupostos que refliten a nefasta política económica e nula planificación e xestión levada a cabo polo bipartito nos últimos catro anos.

Estamos ante uns presupostos con unha débeda bancaria a día de hoxe de máis de 10.161.000 € e somos uns dos poucos concellos de toda Galicia, é dicir dos 315 concellos que debido ao noso nivel de endebedamento non nos podemos endebedar máis. Estando neste momentos con datos de peche no 2009 nun 101%. Previsiblemente unha vez pechado as contas do ano 2010 este dato se incremente considerablemente.

Desde hai anos vimos denunciando a política de despilfarro do bipartito e que nos ía a levar a unha situación económica moi complicada como a actual. Chamáronnos alarmistas, catastrofistas que mentíamos etc. Pero como sempre o tempo dá e quita razóns e pon a cada un no seu sitio.

Estamos cunha débeda por habitantes das máis altas de Galicia, tamén con máis de 625 € por habitante.

Endebedámonos durante estes 4 anos, en máis de 6,6 millóns, e recibimos fondos do Plan E e plan anti-criese da deputación máis de 6 millóns de euros, e gastamos o remanente de tesourería que hai dous anos algúns dicían que era de 5 millóns de euros e con

todo isto Poio aínda carece de lugares con saneamento e abastecemento, non temos nin unha soa vivenda de protección oficial nos 16 anos de goberno, seguimos sen unha piscina municipal e non sabemos nada do centro de día que nos prometeron no ano 2007. É dicir que a aporte dos presupostos dos últimos 4 anos, por un importe de 45 millóns de euros, en pesetas case 7.500.000, tiveron nas súas mans máis de 11 millóns de euros entre plans e remanente.

Deixarannos o Concello con unha débeda superior aos 1600 millóns das antigas pesetas e solo de amortización e xuros teremos que pagar ao ano máis de 150 millóns das antigas pesetas.

Por segundo ano incumpren un plan de saneamento aprobado por vostedes mesmos, reducen unhas partidas pero a realizade despois é ben distinta e así se demostra nos anos precedentes, e así o está avisando intervención no seu informe, onde se di claramente "vendo o importe de gasto executado ata o día de hoxe (28 de febreiro) no orzamento prorrogado do ano 2010 con relación a determinados gastos (do grupo 2) así como as obrigas recoñecidas no estado de execución do presuposto 2010 a 31 de decembro deste exercicio, recoméndase levar a cabo realmente unha política estrita de contención do gasto (sobre todo naquelas partidas que se dotou un crédito presupostario tan axustado) debido por tanto, axustar o ritmo de gasto as disposicións de crédito que se proceden a aprobar con este orzamento de 2011.

Creo que con estas palabras da intervención queda todo dito. E o realmente preocupante é que o gasto no grupo 2 (gasto corrente) non deixa de crecer, aínda que se reduza o presuposto, o gasto corrente segue crescendo, así pasamos do 43% de ano pasado a case un 49% de gasto corrente este ano.

Así entre gasto corrente e persoal de presuposto lévase o 85% do total.

Un reflexo máis da crítica da situación económica do Concello e que non é un invento nin demagogia do PP é o nivel de investimento para este ano 2011, que baixa nun 352% con respecto ao ano anterior, pasando de 1.336.353 € no 2010 aos 294.927 € deste ano.

O capítulo de persoal merece unha mención especial. É un dos peores capítulos tratados por este bipartito. Así mentres incumpren o seu compromiso do primeiro ano de lexislatura de ir reducindo as horas extraordinarias do persoal, cada ano increméntanse, con un custe este ano recién finalizado para as arcas do concello de máis de 237.000 e solo en horas extraordinarias, e con persoal realizando máis de 900 horas cando a lei soamente permite 80 como máximo ao ano. E no que levamos de lexislatura gastáronse case 800.000 €. Con estes cartos imaxínense cantos postos cantos postos de traballo se podían ofrecer aos moitos parados que existen en Poio. Gástanse máis de 35.000 € nunha RPT, para tela parada no caixón. Gustaríanos que nos explicasen para que fixeron unha RPT e porque non a aplican. Sigán gastando en horas extraordinarias e amorticen prazas esta si que é

unha política correcta de persoal.

En cantos aos gastos, desde o PP decímoslles que debemos facer unha maior contención de gasto e entendemos que en diversas partidas do grupo 2 poderíanse reducir moito máis, xa sexan en partidas de publicidade, de festexos, combustíbeis, reparacións, de material de oficina, subministración eléctrica atencións protocolarias, gastos xurídicos e contenciosos, etc.

Por tanto desde o PP, por todo o exposto votamos en contra de ditos presupostos.

O Sr. Barreiro Lubián di que a política económica, para vostedes, de despilfarro remóntase ao ano 96 pero se seguimos a política que vostedes nos demandan o Concello de Poio non realizaría ningunha obra, damandades investimentos pero non votades a favor do endebedamento, non sei como queredes que fagamos todo iso.

O endebedamento é de 101% é a lei permite ata un 130% pero trátase dunha decisión política para a realización de investimentos, os xuros son altos.

Se o trato das administracións co Concello fose distinta podíamos falar doutro endebedamento e neste momento temos a mesma carga financeira que no ano 95.

O plan de saneamento incúmprese pero nós queremos dar servizos ás demandas da veciñanza.

A nosa política financeira é tan mala que tiñamos un remanente de 4 millóns, que nos permitiu realizar investimentos e grazas a esta política poder coa fórmula igual presión fiscal igual servizos e máis investimentos.

Critica a política de persoal é evidente que se estamos un momento de crise sería un absurdo dicir que imos a sacar prazas e se se amortizan prazas vacantes non creo que sexa unha mala xestión.

800.000 € en horas extraordinarias daría para contratar a 14 persoas pero non daría para resolver os problemas puntuais. Pero a contratación de persoal non vai reducir as horas extraordinarias, demostrades o non coñecemento da realidade do Concello, xa que se trata de servizos moi peculiares.

A diminución dun 20% do Capítulo II parécenos forte. Os investimentos do ano 2011, vanse realizar coa modificación presupostaria de decembro de 2011 da operación de crédito por un importe de 955.000 e e xunto cos máis de 200.000 € suma case o do ano 2010 polo que tal redución non é certa.

Hai un polígono industrial, que depende da sociedade XESTUR, que non vemos que vaia saír adiante e ao Concello se repercutiría favorablemente pero parécenos un problema de trabas polo PP.

Dicir que se trata dun orzamento moi prudente e que nos vai servir para seguir facendo investimentos e mellorar a calidade da veciñanza de Poio.

A Sra. Besada Lores di que novamente assistimos ao mesmo discurso do PP que se repite todos os anos desde que estou no goberno.

Comentei e solicitei do PP en varias ocasións unha proposta para evitar o despilfarro e dado que nestes anos o Sr. Domínguez non trouxo propostas entende que o estamos facendo ben.

Hai horas extraordinarias, e se nos fixamos no calendario cando máis se fan é nos meses de verán porque aumenta á actividade. Tamén hai que destacar que o PP inflúe moito, xa que no ano 2009 nos programas de cooperación tivemos 30 persoas destinadas en varios servizos e pola contra no ano 2010, tivemos 9 persoas.

En relación á RPT, a que foi moi demandada polo PP, os 30.000 e que se gastaron non se despilfarraron xa que os traballos están feitos esperando a que economicamente se poida asumir.

Assistimos novamente a unha sesión de desprestixio pero estamos acostumbrados e tamén entendemos que son uns presupostos razoables.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, o Pleno, de conformidade co establecido no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 e xullo de Administración Local de Galicia, 168.1º e 216 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en votación ordinaria e por dez votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e sete en contra (PP), ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar o levantamento do reparo suspensivo que respecto a aprobación de diversas facturas por importe de 28.216,24 euros se contempla no Anexo I ao Informe da Intervención

Segundo.- Prestar aprobación inicial o proxecto xeral de orzamento municipal para o exercicio 2011 en todos e cada un dos seus estados e anexos, bases de execución por un importe de 9.936.000 €.

Terceiro.- E que se someta á información pública mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios polo prazo de 15 días hábiles, para a formulación de alegacións e suxestións, considerándose aprobado definitivamente se durante o citado prazo non se presenta reclamación ningunha, segundo o disposto no RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo.

3502.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN EXPEDIENTE PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE POIO.- De conformidade co disposto no artigo 82 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sometido a votación a ratificación do asunto na orde do día por non ser ditaminado previamente por

comisión informativa ningunha esta quedou aprobada por unanimidade.

Dáse conta do expediente tramitado en relación coa prestación do Servizo de Axuda no Fogar tramitado co motivo do remate da prórroga do devandito contrato formalizado o 16 de abril de 2007 coa empresa IDADES, SL e iniciado a proposta da alcaldía de data 28 de febreiro de 2011, no que se xustifica a necesidade de proceder á contratación mediante contrato de xestión de servizos públicos definido no artigo 8 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, con procedemento aberto, ao abeiro do disposto nos artigos 251 e ss da lei por un prazo de 5 anos, prorrogables ata 5 anos máis, ata un total de 10 anos e un importe de 1.428.840,00 e máis IVE, 150.096,24 € anuais (IVE engadido) a un prezo de 13,50 €/hora (máis IVE) e incluídos demais gastos e tributos de 2011.

Consta no expediente prego de cláusulas administrativas elaborado pola Alcaldía e técnica de contratación de data 01 de marzo de 2011 e prego de prescricións técnicas de data 03 de marzo de 2011 e que rexerán a contratación así mesmo constan informes emitidos polo Servizo de Contratación, Intervención Municipal e Secretaría xeral de datas 04, 7 e 10 de marzo respectivamente.

Antes de proceder á votación do presente asunto, pola Concelleira Sra. Ligerio Iglesias ponse de manifesto que non están de acordo en que o servizo se preste de luns a venres, xa que vai en contra do disposto na orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar que establece que serán todos os días da semana así como mostrando a desconformidade que a xestión do servizo se faga por un prazo de 5 anos prorrogables por outro, xa que o seu entender con 3 anos sería un prazo razoable.

A Sra. Fernández González di que unha vez postas de manifesto as dúbidas, polos servizos técnicos de servizos sociais chamouse á Consellería e plantexáronse, a que contestou que a redacción adecúase á orde e quen ten que decidir a prestación do servizo é a Traballadora Social estudando cada caso en concreto.

Sometido a votación o expediente tramitado este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas por procedemento aberto do Servizo de Axuda no Fogar mediante contrato de xestión de servizos públicos definido no artigo 8 da LCSP, por un prazo de 5 anos prorrogable ata 5 anos máis e un total de 10 e un importe anual de 150.096,24 € (anuais IVE engadido)

Segundo: Proceder á publicación dos pregos de cláusulas

administrativas e de prescricións técnicas no perfil do contratante e anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de proposicións por un prazo de 15 días hábiles.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos, polo Sr. Presidente, dáse por rematada a sesión da que eu, secretario xeral dou fe.

CERTIFICO QUE É COPIA DA ORIXINAL

Vº E PR.

O ALCALDE

O SECRETARIO XERAL

LUCIANO SOBRAL FERNÁNDEZ

JACOBO BARREIRO PIMENTEL